

O Observatorio do solo empresarial de Galicia é un **espazo de información, comunicación e participación** que pretende integrar a todos os axentes implicados no sector co obxectivo de fomentar o coñecemento en materia de localización empresarial en todas as súas vertentes.

## OBXECTIVOS

Constituírse nun **espazo de análise compartida**, de recollida da información máis relevante en materia de localización e áreas empresariais, co obxectivo de converterse nun referente no sector.

**Reflectir a realidade do contorno de localizacións das empresas** dende un punto de vista obxectivo e institucional, servindo como apoio ao proceso de toma de decisións no ámbito público.

**Trasladar e fomentar o coñecemento** en materia de localización das empresas á sociedade galega, con especial incidencia na divulgación da temática que estea de actualidade.

**Orientar as actuacións** dos profesionais e axentes do sector.

## DESTINATARIOS

Os destinatarios do Observatorio son as seguintes entidades e actores interesados nas temáticas da localización e planeamento empresarial e afíns en Galicia:

**Administracións públicas.**

**Empresas do sector.**

**Asociacións e entidades.**

**Profesionais.**

**Cidadanía interesada**

O Observatorio do solo empresarial de Galicia, se ben ten o seu foco principal de atención na nosa comunidade, pretende dar unha visión global do sector do solo empresarial no resto de Comunidades Autónomas e en Europa.



## PORTAL WEB

[www.observatoriodosoloempresarial.gal](http://www.observatoriodosoloempresarial.gal)

É unha ferramenta de comunicación centralizada que reúne toda a información pública para ser consultada polos destinatarios do Observatorio, desde estatísticas e estudos máis técnicos e rigorosos ata a información de actualidade (noticias, entrevistas, guías etc.).



## BOLETÍN

O boletín electrónico do observatorio reúne información de actualidade para estar ao día do que acontece no sector. As principais noticias de Galicia, resto de España, internacionais e os eventos que estean por chegar. A suscripción ao boletín é de balde.





## O espazo do solo empresarial galego



### Observatorio do solo empresarial

Polígono Fontiñas  
Área Central, local 25Z primeiro andar,  
15707 Santiago de Compostela, A Coruña



#### CONTACTO

tfno. 981 54 19 49

e-mail [observatoriosoloempresarial@xunta.gal](mailto:observatoriosoloempresarial@xunta.gal)